

**Mondariz actualizará
as taxas e impostos
en 2024**

Páxina 8

**Balneario de Mondariz,
Premio Nacional á
Excelencia Turística**

Páxina 8

**VII Plan de Formación
en Covelo**

Páxina 9

**Inaugurada a tempada
do "Cocido cañicense"**

Páxina 10

**A Casa Consistorial do
Porriño terá un
centenario "por todo o
alto" en 2024**

Páxina 12

**531.000 € para
obradoiro de emprego
en Salceda**

Páxina 15

**Entrevista. Sindicato de
Inquilinas de Vigo-Tui
"A vivenda converteuse
practicamente nun ben
de luxo e non nun
dereito humano"**

Páxina 14



Novo goberno municipal en Ponteareas

Páxina 3

Entrevista



Juan Carlos González Carrera
Primeiro Tenente de Alcalde e voceiro de ACiP

**"Ponteareas precisa xa dun
orzamento realista"**

Páxinas 4 e 5

Se elixes PIKOLÍN...
Melloramos o precio
de calquer páxina
web en España.

**"VÉN e
COMPRÓBAO"**

**GARANTÍA
DO MELLOR
PRECIO!**

Descubre os beneficios de mercar nas nosas tendas de descanso:

- ENTREGA RÁPIDA
- SEGURO DE CALIDADE
- PRECIOS EN COMPETENCIA
- ATENCION AMABLE
- ENTREGA GRATUITA

pikolin

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Rompemos España ou non?

Levamos un tempo escoitando a cantinela de que España se rompe. Claro que os rompedores son sempre os mesmos que non dan feito o traballo: os nacionalismos periféricos porque o nacionalismo central ese non lle causa ningún dano á España dos Reis Católicos: unha, grande e libre.

Claro que co xuramento da Constitución por parte da princesa Leonor a cousa parece que se vai endereitar. Alomenos a rapaza dixo que ía servir a España, a España unida claro, con todas as súas forzas. Solicitounos comprensión porque, obviamente, aínda non está preparada pero xa amosa estilo.

Xa se fala dunha nova moda: a Leonormanía, as redes sociais xa se encargarán de subila ao máis alto posible para que non se desanime. A pregunta que podemos facernos é que sabe esta rapaza do paro xuvenil, dos problemas para alugar unha vivenda, de atopar un traballo digno, etc. Ela dende as alturas monárquicas que lle veñen de berce atreveuse a ofrecernos as súas forzas para defender España.

Foi Manuel Azaña quen en 1932 dixo: actualmente en España a forma estrita da vida nacional é a República, aínda que as xentes deslumbradas chegaron a dicir que eu ía deixar de ser español. Eu preguntaría que saben eles e elas de España e dos españois; porque España é anterior

a Recaredo e cando os vestixios de Recaredo desaparezan, España resistirá porque nós, os republicanos que fixemos a República, o que fixemos foi poñer punto a unha disgresión monstruosa da Historia de España que comeza no século XVI cando se corta o normal desenvolvemento do ser español poñendo con toda a súa enerxía e toda a súa grandeza ao servizo dunha dinastía servidora a súa vez dunha idea imperial e católica”.

Pero non nos quedemos no ano 1932. Os que estes días puideron contemplar as rúas de Madrid ateigadas de bandeiras e de carteis coa cara de Leonor entendemos o intento de lavado de cara que se lle quere aplicar á monarquía actual, un barniz de modernidade, ata feminista; pero non hai nin raiña feminista, nin república monárquica. Por desgraza segue sendo o PSOE o garante da permanencia da monarquía actual aínda que esta se retratara ultimamente moi escorada á dereita.

Levamos xa un tempo bombardeados cunha posible amnistía que se lle concedería aos responsables do famoso procés catalán. Na medida en que o tempo se acaba os movementos en contra son máis acelerados cada día.

Por unha banda o PP, que dispón de maioría no Senado, está utilizando esta ferramenta para deter o maior tempo posible o rexistro da proposición de lei que o

Goberno en funcións pretende presentar tanto na Mesa do Congreso coma no Senado. Quere reformar por vía de urxencia o artigo 133 que lle permitiría retrasar o rexistro desa lei durante 20 días. Así mesmo pretende forzar á Mesa do Senado onde ten maioría absoluta para decidir a aplicación do procedemento de urxencia. Todos os atrancos posibles con tal de que non se constituía un novo Goberno de progreso, como din os socialistas.

A maiores, 8 membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, que está en funcións dende hai 5 anos, entran a saco no debate sobre a amnistía solicitando un Pleno urxente para o vindeiro luns aínda sen co-

ñecer o texto da “famosa” amnistía. Este órgano de Poder segue sen actualizarse dende os tempos de Rajoy cando o PP tiña maioría no Parlamento. Tiña que ser renovado hai 5 anos pero os populares néganse porque así teñen unha arma de ataque ao goberno a súa disposición.

Veremos en que remata todo este rebumbio. Esperemos que as cousas se vaian decantando sen presas pero sen pausas dunha maneira racional e non sometidas a estes ataques de ira, de furia desatada polas camadas da dereita que non asumen que xa non mandan nesta España que din están rompendo e que non acaba de romper.

ANTOMS



ASADOR O3BRASEIRO PONTEAREAS Avda. de Galicia, 25 986 958 003 - 683 196 555	O3BRASEIRO <i>Burgers</i> Paseo Matutino, 2 886 216 626 - 604 007 103
---	---

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
 36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es

☎ 886 21 61 51
 URX. 603 61 02 23

INMOBILIARIA MERCAVENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
 Alquileres
 Tasaciones
 Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
 Avenida Rosalla de Castro nº4, bajo, 36860 Pontearas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

globaltea
 informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
 R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
 Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PONTEAREAS

PP e ACiP pactan novo goberno municipal

Mediante comunicado de prensa conxunto, o Partido Popular de Ponteareas e Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACiP), despois de distintas reunións de traballo e ante as necesidades dos veciños e veciñas da vila, anunciaron un acordo de goberno para dar estabilidade ao Concello.

A composición dos principais órganos de réxime interno do Concello e Ponteareas desde a data da sinatura será a que a continuación se detalla:

Alcaldía: Será presidida pola actual Alcadesa do Partido Popular.

Tenentes de Alcalde: 1º Tenencia e 3º Tenencia para Alternativa Ciudadana de Ponteareas 2º Tenencia e 4ª para o Partido Popular

Xunta de Goberno: Estará composta por sete membros, catro do Partido Popular e tres de Alternativa Ciudadana de Ponteareas.

Dedicacións Exclusivas: Partido Popular: Alcaldía, 3 dedicacións completas e unha parcial

Alternativa Ciudadana de Ponteareas: 1 dedicación completa e 3 parciais (unha de las poderá ser ocupada por persoal de confianza).

Concellerías do Goberno Municipal:

PP: Concellería de Medio Ambiente, Urbanismo, Axenda 2030, Emprendemento, Innovación e Desenvolvemento Empresarial - Concellería de Benestar Social, Igualdade, Saúde, Consumo e Colectivos LGTBIQ+ - Concellería de Comercio, Ensino e Letras nas aulas - Concellería de Facenda,

Réxime interior, Proximidade cidadá, Recursos Humanos, Modernización Tecnolóxica e Comunicación Institucional, - Concellería de Residuos Sólidos Urbanos, e Limpeza Viaria - Concellería de Xuventude e Voluntariado - Concellería de Desbroces, Parques e Xardíns.

ACiP: Vías e Obras (inclúe Iluminación e Cemiterios) Mobilidade, Seguridade, Bombeiros e Protección Civil(inclúe Venda ambulante, Sancións, Autorizacións de eventos, Vados). -Infraestruturas Xerais, Saneamento e Augas (inclúe Obras). -Deportes -Turismo -Cultura (inclúe Eventos e Festas) Estas concellerías de ACiP terán autonomía propia.

PSOE: "ACiP quítoouse a careta"

Mediante comunicado, o PSOE de Ponteareas fixou posición sobre



o novo pacto de goberno PP-ACiP: "tras anos intentando distanciarse dos Castro, Juan Carlos Carrera, firma un acordo con Nava Castro para formar parte do goberno municipal de Ponteareas. Por fin Juan Carlos Carrera saca a careta e amosa claramente qué ideoloxía defende, deixando desconcertados a moitos votantes que mercaron o seu discurso de defender aos veciños e veciñas contra todos e todas"

PeC e BNG: o pacto é un "retroceso" e "volta ao pasado"

Mediante un comunicado a agrupación Ponteareas en Común (PeC) cualificou como "unha mala noticia o pacto de goberno asinado entre o PP e ACIP en Ponteareas".

O seu concelleiro Manoel Ucha considerou que "a entrada da dereita localista dota a Nava Castro dunha carta branca para seguir desenvolvendo o antiproxecto para Ponteareas que consistiu en desfacer o feito por anteriores

gobernos retrotraendonos décadas no modelo de cidade."

Pola súa banda, e través das súas redes sociais, o BNG Ponteareas considerou que a vila do Tea "volve ao pasado". "Durante 20 anos, Ponteareas estivo paralizada polos intereses persoais que motivaban as fortes disputas internas nos gobernos da dereita ponteareá. Foron vinte anos de traizóns, rupturas e reconciliacións por conveniencia entre quen agora forma o novo goberno tripartito: Nava Castro, Juan Carlos González e Mingos Freitas. Por tanto "este pacto non colle por sorpresa a ninguén".

Tanto PeC como o BNG criticaron o apoio de ACiP a Nava Castro. Para os primeiros isto "evidenciou a verdadeira esencia" do seu voceiro Juan Carlos González Carrera de apoiar á dereita "a pesar de levar anos intentando vender un suposto afastamento do PP", tal e como analizaron os nacionalistas.



SAUDADE

Café - Bar

LAVAZZA Mahou

Reveriano Soutullo, 3 - 36860 PONTEAREAS



Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

grupoluco@covelo.cc

986 644 036

www.covelo.cc

ELECTRICIDAD



BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L

ILUMINACIÓN

Instalaciones en general

Reparaciones

Instalación de sonido y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7

Tel. y fax: 986 641 565

PONTEAREAS



FORO A PENEIRA

Director:

Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Redactor Xefe:

Roberto Mansilla Blanco.

Tradución e corrección:

Montserrat Rodríguez

cursosespanhol.cep@gmail.com

Edita:

Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA)

T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime:

Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade:

Dpto. propio e axencias

x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación:

Fran Eiró

Colaboradores:

Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal:

VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Entrevista de Guillermo Rodríguez Fernández

Juan Carlos González Carrera | Primeiro Tenente de Alcalde e voceiro de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP)

"Ponteareas precisa xa dun orzamento realista"

Tras pactar a mediados de outubro un novo goberno de coalición coa Alcaldesa Nava Castro (PPdeG), Juan Carlos González Carrera (ACiP) ocupará a partir de agora o cargo de primeiro Tenente de Alcalde ademais de membro da Comisión de Goberno.

Sendo o máis veterano dentro da Corporación Municipal (ingresou en 1995), o voceiro de ACiP aspira a que, con esta nova etapa, o goberno municipal logre a estabilidade política suficiente para sacar adiante as súas iniciativas.

Despois de varios meses vén de acordar un pacto de goberno con Nava Castro. Cales eran os obstáculos iniciais para ese acordo?

Nós presentámonos ás eleccións municipais co fin de liderar unha alternativa de goberno neste Concello. Os resultados non foron os esperados aínda que estamos satisfeitos coa resposta que nos deron os veciños. Existía unha lista, neste caso a de Nava Castro, que é a máis votada.

Antes do día da investidura nós tivemos reunión con tódolas opcións políticas, sempre coa premisa de que nós debíamos liderar a Alcaldía. Non se deu e saíu a lista máis votada. Nós fomos responsables votándonos a nós mesmos aínda que se dixo que coa nosa abstención lle demos o goberno a Nava Castro, e non é certo porque tivemos conversas coas demais formacións políticas. Algunhas si estaban de acordo pero unha delas non por iso non hai outro goberno distinto ao actual. Pasaron os catro meses e a situación é totalmente distinta. **Distinta por qué?**

Hai un goberno en minoría que non pode sacar as cousas adiante. Estamos en momentos de moita dificultade económicas para todos, para as familias, as

empresas e o Concello non é alleo a eses problemas. Precisamos con urxencia uns novos Orzamentos axustados á realidade actual para iso era preciso un goberno capaz de sacalos adiante. Por iso chegamos a este acordo. Ese era o cambio que nós entendemos que pasaran nestes catro meses. Nós fomos consecuentes apoiando algunha cuestión puntual no Goberno; noutras propostas apoiámos á oposición e tumbándoas co resto das forzas políticas. Se ao cidadán lle están subindo as hipotecas, o Concello ten que ser responsable á hora de facer os gastos e priorizando dende longo as inversións.

Durante eses catro meses, ACiP tivo algunha conversa cos outros grupos da oposición para chegar a algún acordo?

Non. Eses encontros tivémolos antes da investidura. O BNG non aceptaba a nosa proposta. O PSOE estaba totalmente desmarcado. O concelleiro de Podemos (Manoel Ucha. Ponteareas en Común, PeC) si estaba disposto. Posteriormente si tivemos algunha reunión para temas de interese do Concello como os salarios, as dúbidas e incertezas sobre a situación do programa EDUSI, entre outros.

Nas conversas co PP renunciaches a liderar a Alcaldía aínda

que foran dous anos. É certo?

Si, é certo.

Houbo algunhas reaccións dos partidos a este acordo. O PSOE dixo que ACiP. "quitouse a careta"; o BNG fala de "volta ao pasado". Que ten que dicir ao respecto?

Son moi respectuoso coas declaracións que fan as demais formacións políticas. ACiP non se quitou "a careta". Nunca tivo careta, sempre foi de frente. Proximamente haberá un pleno para os cambios nas asignacións e dedicacións nas concellerías e será unha oportunidade moi importante para demostralo. Eu fago a pregunta coa típica retransca galega: que pasa? que ACiP valía a semana pasada antes do pacto e agora non vale? Que é o que cambiou? Os grupos de esquerda cando tiñamos algunha reunión comprendían que nós estábamos ás veces máis á esquerda que eles. Esa é a diferenza. Que un grupo local que leva catro lexislaturas presentándose teña unha resposta tan clara por parte dos veciños. Eles saben que nos sempre chegamos a acordos. Iso non significa 'quitarse a careta', significa que somos quen de poñernos a carón dos veciños cando é preciso, para mín algo moi importante. En política temos que ter claro que



non hai horarios e que sempre debes atender aos veciños e darlle unha resposta.

O BNG que di que "volvemos ao pasado". Eu diríalle que fosen respectuosos cos votantes de Ponteareas. Os veciños cambiaron, votaron outras opcións políticas. Porque hai un dato que é moi importante: o BNG tiña nove concelleiros e pasou a seis. Perdeu máis dun 33% dos votantes. Deberán reflexionar en que fallaron, en que se equivocaron. Chegamos a un acordo de gobernabilidade para poder sacar adiante os problemas, pero non renuncio nin renunciarei a chegar a acordos con tódolos grupos da Corporación Municipal cando sexa preciso.

Hai discusións sobre este tema económico. Por unha banda, o PP din que o goberno anterior deixou unha serie de débedas. O BNG din que unha cousa é o saldo ao 31 de decembro de 2022 no que aumentaron patrimonio pero que quedaban 1

millón e algo de euros por cobrar. O goberno actual, antes de Vde. incorporarse, calcula o saldo ao 31 de decembro onde pode haber un déficit de 3 ou 4 millóns. É verdade que quedan pendentes esas cantidades que din o BNG para que ese saldo puidera quedar en positivo?

O que si é certo é que o Concello ten unha débeda de case nove millóns de euros. Outra cousa distinta é o saldo negativo da pregunta que me facías que non se computa como débeda exacta. O Concello ten asignado préstamos por valor de nove millóns de euros, a distintos anos pero hai que pagalos. Estamos pendentes de ingresos de subvencións pero tamén é certo que vimos cun orzamento prorrogado de 2022 a 2023 e no que o ano 2022 non ten nada que ver co 2023. Por exemplo no tema da luz no orzamento había unha partida de 300.000€ e este ano lévase recoñecido un gasto de

PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Poso: Adolfo, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 16. 986 651 145 - 629 366 354. A Coruña

www.lovecars.es

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

máis de 900.000€. Temos un desfase de 600.000€.

Pero evidentemente se ese contrato é feito antes do orzamento e non se pudo renovar no novo orzamento non se pode actualizar.

Pero o goberno o ano pasado tiña entón unha maioría absoluta para facer un novo orzamento.

Estás falando do 2023?

Estou falando que temos un orzamento prorrogado do ano 2022. O goberno anterior debería ter presentado un orzamento realista para o 2023. Porque o recibo da luz xa subiu o ano pasado no verán. O goberno anterior prorrogou un orzamento sabendo que non se podía cumprir e que estaba desfasado en moitas partidas. Ese é o problema de fondo da falta de liquidez que temos agora mesmo.

Creo que debemos evitar que o Concello saia declarando nun medio de comunicación de que nos cortan o subministro eléctrico. Damos unha imaxe patética. Iso é o que non podemos permitir. Hai que ter capacidade de xestión e non chegar a esas situacións. **É certo que o resultado negativo da Tesourería dun 1,4 millóns de euros sería positivo en 1,6 millóns ao mes cobradas as subvencións xa xustificadas?**

As subvencións estanse revisando porque estas subvencións como a da EDUSI, a fiscalización por parte do Estado, de Europa e da Comisión Antifraude son moi exhaustivas e estritas. Moitas delas despois fanse as rebaixas. Eu agardaría unhas dúas semanas para convocar á comisión da EDUSI, que xa foi pedida por todos os grupos da Corporación. Aí é cando se vai mirar como se atopa o programa EDUSI cunha previsión de cinco millóns € de ingreso e un millón máis que tiña que poñer o Concello. Eu quero pensar que imos ingresar os cinco millóns pero temos que agardar a ver que pasa para entón poder falar

cos números claros.

Estasme dicindo que estas acusacións sobre os orzamentos foron precipitadas sen ter antes os datos?

Eu estou dicindo o que eu creo e estou convencido.

Tamén se lle acusa ao goberno anterior de non haber saneado as parroquias. A resposta xa sabes cal é: vinte ou trinta anos de gobernos anteriores e tampouco estiveron saneadas. E agora pídenlle ao último goberno que en oito anos solución o problema. Cal é a resposta correcta?

Para o goberno saínte o tema do saneamento non foi unha prioridade. Loxicamente en oito anos non se pode facer o saneamento de tódalas parroquias pero é certo que en todo ese tempo non fixeron un só quilómetro de saneamento. É certo que fixeron un plan director que estamos revisando porque nos parece demasiado simple para acudir aos recursos de programas europeos e da propia administración. Non vale culpar á Confederación Hidrográfica porque esta permite facer obras, o que non permite é verter na depuradora sen ampliar. Porque ese era o debate que había co saneamento de Ribadetea; agora a Confederación recoñece que era perfectamente compatible realizar as obras do saneamento de Ribadetea cos da depuradora. Estamos pendentes de asinar un convenio coa Xunta de Galicia para conseguir unha subvención dun 80% para a primeira fase do saneamento de Ribadetea. Hai mais fases e queremos cumprir cos veciños.

Centro de Saúde. É verdade que os terreos da N120 non eran aptos? Porque da Xunta viñeron a velos e non dixeron que non eran aptos.

O goberno anterior ofreceulle á Xunta tres solos distintos. Un era o da antiga fábrica de madeira na entrada de Canedo; outra era

a parcela de Aceros; e o terceiro era a parcela ao lado do cemiterio que este goberno xa comprou. O equipo técnico da Xunta viu estas parcelas. Agora mesmo compráronse os últimos terreos indicados de 12.000 m², cun custe asumible para o Concello; unha media de 15€ o m². O goberno anterior estaba empeñado en levar o Centro á parcela da fábrica de madeira obviando que hai unha área de reparto que ten uns coeficientes de edificabilidade e de beneficio industrial. É dicir que no terreo que o goberno anterior pretendía non nos chegarían 300.000€.

Podemos falar dun 'pelotazo'? De quen son os terreos?

Os terreos son de diferentes propietarios de Ponteareas. Pero un 'pelotazo' sería pagar unha cantidade fora do normal. Hai un informe do coordinador de Urbanismo do goberno do bipartito BNG-PSOE cunha avaliación deses terreos. Onde está o pelletazo urbanístico? Non podemos xogar cun tema tan serio.

A utilización destes terreos non van incrementar a mobilidade pola rúa Xoán Trovador García de Guillade que está agora parcialmente peatonalizada?

Non. Era unha das dúbidas que eu tiña; un dos puntos para chegar ao acordo con este goberno era a construción dun vial entre a N120 e Xoán Trovador García Guillade para dar un paso peonil de acceso ao IES do Barral. Dende a gasoliñeira vella de Repsol, dentro do Plan Xeral, hai un vial que cruza e vai conectar coa estrada de Trovador García Guillade e así estaría solucionado ese acceso e o tema do tráfico. Tampouco renunciamos a que se faga o enlace coa N120 mellorando así o acceso ao Centro de Saúde e tamén o parking no colexio Ramiro Sabell, un problema moi grande pola falta de espazo.

Dentro dese acordo co goberno plantexaches unha solución

sobre a dotación correcta do Centro de Saúde? Porque ese é o verdadeiro problema nestes momentos, xa que hai unha falta de persoal abraiante.

Comparto plenamente o que estás dicindo. Todos estamos sufrindo esas deficiencias. Dentro do pacto de goberno hai un apartado no que temos liberdade de votar no pleno, se hai diverxencias entre os dous grupos. Mais que a mellora o que estamos pedindo é médicos e persoal profesional. Os veciños non saben qué médico teñen asignado. O mesmo para as baixas médicas. Tamén reivindicamos a solución do aparcamento no Centro de Saúde. Para mín é unha prioridade que o día a día sexa máis cómodo e factible para os veciños.

Por tanto, acordado dentro deste pacto de goberno, estás disposto a ir adiante con iso?

Por suposto.

Está prevista máis peatonalización no centro da vila? Xa se comenta que as obras previstas na Avenida Sarmiento Rivera non se van a realizar.

O tema da Avenida Sarmiento Rivera foi unha decisión do goberno antes do acordo de coalición. É certo que unha obra de máis de 700.000€, nestes momentos cando non sabemos con exactitude se imos poder afrontalo, os pagos das subvencións de Europa, do Estado, require dunha decisión prudente. Ese diñeiro non viña unicamente da Deputación de Pontevedra senón que o Concello tiña que poñer unha porcentaxe. Iso non me preocupa tanto porque podemos asumir esa cuestión nos vindeiros catro anos. Estamos de acordo totalmente coas peatonalizacións pero racionais. Temos que mellorar os espazos para os peóns pero tamén convivir con que as actividades económicas requiren de servizos. Temos como prioridade a mellora da sinalización. Non vai haber

cambios senón pequenos matices en determinados sitios.

Praza do Concello. Iso vai arriba?

Si, estamos vendo o proxecto e vaise reformar pero non temos unha decisión definitiva. Isto entra no Plan Agora da Deputación Provincial e non ten problemas cos prazos. Pero temos claro que queremos mellorar a contorna ó redor do Concello.

Vde. é o membro máis antigo da Corporación Municipal. Agora que volve ao goberno, estamos ante a fase final da súa carreira política? Ten prevista ACiP unha renovación no seu liderado?

Vouche contestar moi honestamente. Cando comprobamos que non éramos a lista máis votada fixen un replantexamento: algunhas cousas terían que cambiar. En asemblea decidimos entrar en coalición co actual goberno do PP, pero con independencia total na xestión dos gastos, convenios, etc. que nos correspondan á hora de gobernar. Á data de hoxe non pensei mais alá. Creo que nos quedan tres anos e medio por diante. Os veciños decidiron un cambio político e temos que demostrar que somos capaces de xestionar e pór en marcha o que dixemos estes anos. Creo que agora mesmo podo aportar moito porque Ponteareas o merece. Eu estou en política por vocación.

Cres que podes cumprir coa túa oferta política?

Si, completamente. Asumimos a concellería de Vías e Obras que inclúe iluminación, saneamento e augas que son os servizos básicos das parroquias. Apostamos polo deporte base e fomentar a colaboración con todos os colectivos. Tamén pola cultura, o turismo, a mobilidade e unha policía que sexa próxima ao veciño. Estamos convencidos de que abarcamos todas as Concellerías que realmente chegan ao cidadán.

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

acero plus
impresión digital
IMPRESIÓN · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61
604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

JJ Copos

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

Mereces elixir

unha gran variedade
de marcas e produtos.

GADIS

TIENESQUE

Gales e Ponteareas estreitan lazos educativos

O alumnado do IES Val do Tea recibiu durante cinco días ás vinte alumnas e alumnos do 3º e 4º de PDC (programa de diversificación curricular) do Ysgol Cwm Broubil de Port Talbot, institución educativa que participa no TAIH, un programa do goberno de Gales para potenciar a mobilidade de estudantes e crear oportunidades de aprendizaxe con diferentes centros educativos do mundo.

O TAIH, palabra que en galés significa viaxe, promove un intercambio internacional. Así impulsa o programa "Celticity and language from Port Talbot to Galicia" que permitirá introducir as respectivas



linguas, cultura e tradicións, analizando as diferenzas e semellanzas, estudando a conexión entre ambas linguas e culturas: galés e galego, xa que durante todo o curso se realizarán actividades que se comparten e analizan

grazas ás conexións online. Durante esta estancia visitaron Santiago de Compostela, o Castro de Baroña, en Pontevedra e na vila do Corpus. A delegación galesa estivo liderada polos profesores Rachel Stead e Jack Davies.

CEIP "Nosa Señora dos Remedios" amplía a biblioteca

A Xunta de Galicia colabora na reforma co CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios de Ponteareas coa reforma da súa biblioteca escolar. Así o confirmou coa visita da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, para inaugurar esta obra.

O colexio, coñecido popularmente como o CEIP Nº1, levou a



cabo a ampliación da súa biblioteca escolar, sumando máis de 30 metros cadrados aos anteriores. Con 400 alumnos escolarizados,

este colexio de Ponteareas participa en programas de seccións bilingües, Edixgal, varios Contratos Programa, no Club de ciencias e robótica e no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares da Xunta de Galicia. A este último sumouse o centro educativo no curso 2011-12, participando tamén nos programas de Biblioteca creativa desde o curso 2020-21 e en Clubs de lectura desde o pasado curso.

BNG: "A Xunta deixa fóra a Ponteareas dos seus Orzamentos"



O BNG Ponteareas realizou unha valoración do proxecto de Orzamentos presentado pola Xunta de Galiza para 2024, que están na fase de tramitación no Parlamento Galego, lamentando que "esquecen as necesidades de Ponteareas e abandonan as infraestruturas nos servizos básicos que son

competencia da Xunta e precisan actuacións urxentes para o seu funcionamento diario".

A deputada Cristina Fernández Davila lembrou que trasladou á Xunta unha serie de necesidades consideradas prioritarias por unanimidade dos grupos políticos, o goberno do PP na Xunta ignorou as demandas de Ponteareas"

Cursos de competencias clave 2023-2024 na Cañiza

Co finalidade de fomentar a calidade e a integración da formación profesional para o emprego, o Concello da Cañiza realizará unha reunión informativa sobre os Cursos de Competencia Clave 2023-2024 prevista para vindeiro o 7 de no-

vembro na Casa de Cultura.

As competencias clave son para acceder a cursos de certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 en áreas como matemática, lingua galega, lingua castelá e comunicación en linguas estranxeiras (inglés)

ZAPATERÍA
Ángeles Castro
Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

- Refuerzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4 - 1º - PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatiempos.es

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 - obrasinga@hotmail.com

TALIER
SALÓN

Allonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriaalliermt@gmail.com

By **Barriguiñas**
Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunión e bautizo

627053847
María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Telf: 886 153 341 / 698 190 794
info@grupoolong.com - www.grupoolong.com

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

Balneario de Mondariz, Premio Nacional á Excelencia Turística

Balneario de Mondariz foi recoñecido nunha gala en Madrid co Premio Nacional á Excelencia Turística por tres séculos de historia termal desde que en 1873 os irmáns Peinador fundasen a empresa e fosen declaradas de utilidade pública as súas augas mineromedicinales.

Na actualidade, Balneario de Mondariz está considerado como un dos motores máis importantes do rural galego que dá traballo directamente a 150 familias e ao redor de 300 familias dunha forma indirecta. Historicamente ten acadado un éxito turístico termal de gran relevancia rivalizando na



súa época con grandes balnearios de Baden-Baden, en Alemaña, ou Bath, en Londres e ser sede de

importantes reunións políticas de primeiro nivel.

Deputación reparará con urxencia o muro caído na EP-4306

A Deputación de Pontevedra acaba de adxudicar pola vía de urxencia as obras de reparación dun muro de contención situado na EP-4306 Ponte Val-Barcia de Mera, no Concello de Mondariz, uns traballos dotados de 40.000 euros e cun prazo

de execución de dous meses.

O muro está localizado á altura do punto quilométrico 4+350, nunha zona de vexetación frondosa, e a situación foi detectada durante os traballos de roza das marxes desta vía. A través desta actuación, e xa que a situación

actual impide garantir a estabilidade do terraplén, a institución provincial pretende garantir o servizo da vía e evitar riscos de danos antes de que a calzada e o tráfico rodado se vexan afectados polos defectos do muro a calzada.

Mondariz actualizará as taxas e impostos en 2024

O alcalde, X. Carlos Montes Bugarín, manifestou que “o obxectivo prioritario é mellorar a calidade dos servizos públicos que presta o Concello”, que son claramente deficitarios.

Na maioría dos casos, estes impostos e taxas levaban sen actualizar dende 2011 ou 2012. Por tanto, o goberno municipal propuxo ao pleno a súa actualización coa variación do IPC destes últimos 10 anos, que sería

como máximo un 17,7%, tendo en conta que esta medida, en termos medios, vai ter un impacto asumible.

A débeda actual do Concello de Mondariz é de 934.806,15 €, sendo a maior parte procedente de gasto corrente (863.535,58 €) e o restante, gasto de capital (71.270,57 €). Ao non dispoñer de crédito orzamentario para estes gastos, o Concello deberá proceder a un recoñecemento extraxudicial para pagar aos provedores.

Máis de 264.000€ en danos polas choivas

Un informe técnico da arquitecta municipal do Concello de Mondariz valora os danos ocasionados polas choivas e riadas no río Tea dos días 25 de decembro de 2022 e 1 de xaneiro de 2023 en 264.194,58 €, aproximadamente. Deben cuantificarse tamén os danos ocasionados polas choivas deste mes de outubro.

O patrimonio natural e cultural de interese turístico tamén re-

sultou afectado. As riadas provocaron numerosos desperfectos nas sendas dos ríos Tea e Aboal. Á vista dos danos ocasionados polas últimas riadas, o Concello de Mondariz volveu contactar con Augas de Galicia a principios deste mes de xaneiro para solicitarlle colaboración urxente na reparación da senda fluvial do río Tea, que conecta Mondariz con Pontearreas, pasando por Mondariz-Balneario.

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS

Blona
DISTRIBUIDOR OFICIAL

COMERCUCES Nº8 - MONDARIZ - T: 936 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

Yago's

english pub

Mondariz- Balneario

Café Chocolat

Mondariz Balneario

VII Plan de Formación

A concelleira de Emprego e Formación do Concello de Covelo, Lourdes Enes, informou da apertura dos novos cursos do VII Plan de Formación do 16 ao 23 de outubro para promover a inserción laboral.

Nestes cursos destacan a formación de carreteira/o, a de acompañante de transporte escolar e de comedor escolar, de manipulador/a de alimentos, ADR básico en cisternas e permiso de conducción de transportes con mercadorías perigosas, que desenvolverase nas instalacións de APETAMCOR no polígono industrial de A Granxa no concello de O Porriño



Enes informou que nos seis anos anteriores o Plan de Formación contribuíu a mellorar o curriculum de arredor de 500 persoas.

Máis de 7.000 persoas visitaron Covelo no verán

O Concello de Covelo recibiu máis de 7.000 persoas de España e Europa nos meses de xullo e agosto segundo revela a enquisa realizada pola concellaría de Turismo que dirixe o alcalde Pablo Castillo e a concelleira Lourdes Enes coa finalidade de facer balance do turismo local e establecer estratexias para o vindeiro ano.

A enquisa realizouse entre o albergue, as casas de turismo rural, cámping, hoteis, rectorais e vivendas ocupacionais na que se preguntaron polo perfil dos e das hóspedes, a duración da estancia, os motivos polo que chegan a Covelo, a súa procedencia e a calidade



da estadía. A maioría das e dos ocupantes das prazas hoteleiras estaban entre os 25 e os 54 anos. Parellas pero, sobre todo, moitas familias con nenos/nenas que preferiron reservar estancias longas dunha semana ou máis. O sendeirismo, a paisaxe natural, o miradoiro do Castelo do Faro, o Suido e o patrimonio histórico foron os atractivos máis salientables para os turistas.

Un libro para promover o galego

Un ano mais o Concello de Covelo colabora coa ANPA O Suído do CEIP Antonio Blanco Rodríguez na promoción da lingua galega entre o alumnado a lectura agasallándolles un libro en galego antes das vacacións de nadal.

Xornada informativa contra o Cancro



O alcalde de Covelo, Pablo Castillo, e a concelleira de Formación, Lourdes Enes mantiveron un encontro co coordinador da Asociación Española contra o Cancro (AECC) na provincia de Pontevedra, Telmo Crespo, no que foron informados dos distintos servizos

que a AECC ofrece na provincia a pacientes con cancro e aos seus familiares.

Concello e AECC acordaron organizar unha xornada informativa para divulgar entre a poboación estes servizos e procurar voluntariado que poida difundir a información.

Colaboración entre a Biblioteca e IES Val do Tea



O Concello de Covelo amosa o seu apoio á mocidade que cursa os seus estudos no IES Val do Tea, centro de referencia do concello, adquirindo os libros de lectura das materias de Lingua Castelá e Lingua Galega. En coordinación co centro, a Biblioteca Pública Municipal contemplou nas

súas adquisicións os libros de lectura obrigatoria para facilitar o acceso aos mesmos.

O Alcalde Pablo Castillo salienta a importancia de optimizar os recursos e traballar de xeito colaborativo e coordinado con outras institucións como o instituto Val do Tea de Ponteareas.



GALICIA
NA ESÑONA
SAÚDE. SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

CONDADO/PARADANTA

A Cañiza inaugura a tempada do "Cocido cañicense 2023/24"

O Alcalde da Cañiza, Luis Piña, presentou esta nova tempada do "Cocido cañicense" para este inverno 2023/24 acompañado polo Deputado David Regades, polo Alcalde de Melón Emilio Díaz e polo Alcalde de O Carballiño Francisco Fumega. Unha cita coa gastronomía da Cañiza promovida, impulsada e organizada conxuntamente polo concello e por once restaurantes e hostaleiros locais que participan neste evento.

O menú integra o tradicional cocido cañicense preparado con chourizo de cebola e de carne, fuciño, rabo, orella, cacheira, lacón, touciño e costela de porco completado con pito, carne de vacún, patacas, fabas, gara-



vanzos, cenorias e verdura ou repolo. Todo iso acompañado con pan rústico e pan de millo ou "Bica" e regado polos extraordinarios caldos brancos e tintos, a gusto do cliente, da denominación de orixen Rías Baixas, tamén da

Cañiza, das bodegas Eido da Fonte, Abelan e Cavadas. Antes ou despois deste prato ofrecerase un caldo servido en tazón. E como en toda boa comida, non pode faltar a sobremesa. Arroz con leite ou leite frita e café.

O Covelo mellora o seu auditorio municipal



O Concello de Covelo realizou un investimento de 6.139,54€ en material audiovisual para o seu auditorio municipal. Mercou un novo proxector de tecnoloxía láser LCD e unha pantalla eléctrica de catro metros de ancho por dous e medio de alto. Ademais, adquiriu un selector

HDMI con extractor de audio e un extensor de HDMI con ata cen metros de calidade Full HD. Este novo material permitirá proxectar imaxes de mellor calidade e resolución e un audio con menos interferencias e maior claridade. A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia financia o 50% do custo.

Xornadas Micolóxicas e Ambientais

Os días 8, 11 e 25 de novembro a Asociación Covelonatural organiza as súas Xornadas Micolóxicas e Ambientais que comezarán coas actividades para a rapazada do CEIP Antonio Blanco de Covelo, roteiros para a recollida de cogomelos, a charla "Reino Fungi: Lista Vermella e Cambio Climático" e obradoiro de micogastroonomía e tapeo/degustación micolóxica no bar O Buraco da man



do cociñeiro Iván Méndez, responsable da cociña da Cidade

Deportiva do Celta de Vigo.

IV Concurso fotográfico para o calendario 2024

O Concello do Covelo deu marcha ao IV Concurso Fotográfico "Covelo, Turismo, Cultura e Patrimonio" de interese turístico, cultural e patrimonial que formarán parte dos 2.000 calendarios de 2024. Estableceranse tres premios. A persoa gañadora poderá elixir

entre un curso de fotografía ou unha experiencia fotográfica de montaña. O segundo posto recibirá 2 ampliacións fotográficas de 40x30 cm e o terceiro premiado unha ampliación fotográfica de 40x30 cm tamén sobre soporte ríxido.

PfC Condado

+55
Pompa Funeraria
del Condado
establecida en 2019

Gracias

TANATORIO
ARBO

TANATORIO
PONTEAREAS

TANATORIO
TUI

TANATORIO
TOMIÑO

O PORRIÑO

A Praza do Sol será un espazo “máis amable e inclusivo”

O Concello do Porriño projecta a mellora da impermeabilización e renovación da céntrica Praza do Sol para resolver os problemas de filtracións e acondicionar totalmente este concorrido espazo, cun novo deseño actualizado que se axusta ás necesidades actuais.

A praza, cunha superficie de máis de 3.700 m², conecta as rúas Antonio Palacios e Pinar, de gran presenza peonil. As reformas permitirán a eliminación dos parterres vexetais, que non contribúen a biodiversidade e están a delimitar excesivamente o espazo e dificulta a circulación dos usuarios, xerando un espazo máis aberto con maiores posibilidades



de uso. Ademais habilitaranse dúas zonas cubertas que permitan distribuír as terrazas de hostalería e tamén cubrirán parcialmente as zonas de xogo infantil, prote-

xéndoas do sol e das primeiras choivas. Renovarase o pavimento, dispoñendo sistemas de impermeabilización, e tamén o sistema de iluminación.

340.000€ para acondicionar a vía paralela á liña ferroviaria

A través do plan Hurbe, a Xunta de Galicia adxudicou, por algo máis de 340.000 euros, a obra de acondicionamento que transcorre paralela á liña ferroviaria que se atopa na contorna do río Louro, no concello pontevedrés do Porriño. Así o recolle o convenio de colaboración asinado o pasado mes de abril entre a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde da localidade, Alejandro Lorenzo.



A obra, que contará cun prazo de execución estimado de tres meses, ten como obxectivo mellorar esta vía con actuacións

como a substitución do pavimento por unha capa de aglomerado en quente, a instalación de sinalización horizontal para

definir a zona ciclista bidireccional e a zona peonil, e a dotación de luminarias con sensores de presenza.

BNG O Porriño esixe a declaración ENIL para o Louro



Como xa o fixera en maio de 2022, o grupo municipal do BNG do Porriño volveu solicitar unha medida de protección real para o Louro. Requíriu que o Concello impulse declarar como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) os ecosistemas do Louro ao seu paso polo Porriño, cos seus regos Laxes e Fonteliño (Cous).

Os nacionalistas indicaron que

se ben o PP votou a favor en 2022, agora "obstaculiza a tramitación" desta declaración. Consideran que ese cambio de postura débese "á intención de continuar organizando na súa contorna macroeventos opostos a un uso respectuoso co medio". Con seu voto en contra no recente pleno, "o goberno que preside Alejandro Lorenzo deixa claro que non ten interese nesta declaración".

O Porriño na Rede Europea de Ensinanza Superior



A aula UNED do Porriño iniciou o curso académico 2023-24 cun acto no que se presentaron os dous primeiros graos universitarios que se impartirán no municipio: Socioloxía e Traballo Social.

O alcalde do Porriño, Ale-

jandro Lorenzo, e o director do Centro asociado da UNED en Pontevedra, Víctor M. González, entre outros participaron do acto de apertura deste curso universitario que supón a inclusión do Porriño no maior campus de Europa.

¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13, Bajo, Porriño

986 331 410

633 601 257

segurosbugarin@gmail.com

Tu aseguradora de confianza en Porriño

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

- Refuerzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudio
- Preparación de exámenes
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4 - 1º - PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

LOURIÑA

O PORRIÑO

Un centenario "por todo o alto" para a Casa Consistorial este 2024

O Concello do Porriño prepara un nutrido programa cultural para conmemorar este 2024 os 100 anos da construción da Casa Consistorial, a obra máis representativa das deseñadas por Antonio Palacios na súa vila natal. Esta efeméride coincide igualmente co 150 aniversario do nacemento do arquitecto porriñés.

A Casa do Concello do Porriño é sen dúbida o edificio máis emblemático do Porriño e unha seña de identidade da vila. É tamén a obra máis representativa deseñada por Palacios para a súa vila natal. Neste edificio o arquitecto porriñés amosa unha linguaxe rexionalista de raíces galegas e contidos propios que toma referencias da arquitectura tradicional e da expresión dos estilos medievais da súa terra. Os traballos foron re-



alizados baixo a dirección do construtor e mestre canteiro Manuel Ruibal Solla, que remata os traballos en setembro de 1923.

O Alcalde Alejandro Lorenzo adiantou que unha das grandes propostas do centenario será a apertura da Sala de Exposicións Antonio Palacios, que contará

cunha mostra permanente con todos os textos, debuxos, planos, maquetas e documentos que se gardan. Ademais, entre outras iniciativas impulsarase a Ruta Palacios, como reclamo turístico e cultural. O groso da programación xirará en torno ao edificio da Casa Consistorial.

Estimulación terapéutica contra a demencia



O Porriño pon en marcha un Programa de Estimulación Terapéutica da man de AFAGA para prestar atención ás persoas afectadas por algún tipo de demencia dexenerativa. Este poñerá ao alcance dos doentes e das súas familias asesoramento a través de profe-

sionais cualificados, un programa de respiro familiar e atención psicolóxica para doentes e coidadores. O servizo inclúe tamén un Programa de Atención Psicolóxica e a organización dun Grupo de Axuda Mutua para favorecer o intercambio de experiencias entre coidadores.

Marcha Mundial das Mulleres da Louriña esixe ao Concello o seu local

Constituída en marzo pasado, a Marcha Mundial das Mulleres na Louriña emitiu un comunicado onde demandaba ante o Concello do Porriño a prestación dun local como sede para as súas actividades. Explicaron que enviaron dúas solicitudes por rexistro, o 16 de marzo e o 5 de xullo, sen recibir ata agora resposta por parte do goberno local.

Indicaron que no Porriño existen instalacións municipais que están en pleno desuso e dende hai anos. Un exemplo son as escolas unitarias que xa non de-



senvolven actividade docente, como é o caso da Escola Unitaria de Pontellas. Este edificio, coma outros similares, foi erguido co esforzo económico das persoas

migrantes da parroquia no primeiro terzo do século XX e agora leva 7 anos sen uso. Apenas son abertas as súas portas para as votacións no día das eleccións.

BNG defende a participación cidadá

A concelleira nacionalista Miriam Martínez indicou que o seu partido defende abrir o proceso de participación cidadá máis alá dos grupos políticos para garantir a participación do asociacionismo e da cidadanía en xeral para que "se fagan cumprir os acordos plenarios".

A proposta do BNG contempla a creación de consellos sectoriais ou parroquiais e regula a posibilidade de que a veciñanza poida presentar iniciativas nos plenos, participar na elaboración dos orzamentos ou votar en consultas populares sobre aspectos de interese local. Tamén denun-



ciou a "actitude pouco democrática do alcalde" Alejandro Lorenzo, impedindo que se debatan no pleno mocións de urxencia, ou convocando as sesións en horarios que dificultan a conciliación e o normal traballo da oposición, así como a participación da veciñanza.

Dover

Confección de señora y caballero
Textil - hogar
Vestuario y calzado laboral
Chandal y mandilones para colegios
Almohadas y colchones

Tel: 986 33 47 82. Rúa Mercado, 3 - O PORRIÑO


Dietsana
DIEÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684
C/ J. Cando, 15
O PORRIÑO



986 642 719
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10
PONTEAREAS



O PORRIÑO/MOS

3 millóns€ para o saneamento das parroquias porriñesas



O Concello do Porriño investirá máis de 3 millóns de euros na acometida de obras de saneamento en todas as parroquias do municipio. Os proxectos engloban actuacións en A Graña-Sequeiras (766.390,10 euros), Arrotea-Budiño (185.909,45 euros), Abelenda e Figueiras (125.188,22 euros), Cerquido (82.473,71 euros), Benunes (556.618,62 euros), Sobral-Eiriz (355.211,51 euros), Penedo-O Toxal-Chenlo (523.261,97 euros), Rega da Lama-Budiño (85.225,61 eu-

ros), conexión en Torneiros (144.951,07 euros), conexión en en O Seixo-Arrotea-Pontellas (199.140,26 euros).

A estes hai que engadir unha liña de subvencións para investimento para 53 vivendas en Torneiros, Atios, Cans, Pontellas, Budiño, Chenlo e O Porriño que non teñen posibilidade de conexión á rede de saneamento por ubicarse nunha cota de altura que precisa a instalación de bombeo individual. A tal fin destinouse un crédito de 108.000 euros.

Mos terá un Orzamento 2024 de 13 millóns de euros

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo vén de pechar o orzamento municipal para o vindeiro ano 2024 tras reunirse co departamento de Intervención e coa concelleira de Economía e Facenda, Feli Rodríguez, e o segundo tenente de alcaldesa e edil de Coordinación Xeral e Bo Goberno, e Contratación, Leo Costas.

Trátase dun orzamento que se mantén no capítulo de gastos respecto do de 2023 (13 millóns de euros), e crece no capítulo de ingresos hasta os 14 millóns pola actualización do IBI, o IAE, a previsión de recadación de 100.000 euros máis no ICIO, a revisión do Padrón das empresas que non estaban dadas de alta, para

pasar a cobrarlles a taxa por recollida de lixo, (o que implica tamén unha suba dos ingresos) e actualízase tamén a taxa de cobro por uso da Piscina Municipal que non se actualizaba desde o ano 2014. Tamén se aproba unha taxa polo uso de instalacións municipais.

Destaca tamén o gasto social, que continúa a ser o maior gasto orzamentario. Ademais nesta ocasión creando unha partida específica para Igualdade e ascendendo ata os 2.418.000 euros resultantes da suma das partidas de Política Social e Igualdade. Tamén crecen as partidas de Fomento do Emprego, Cultura e Educación.

O Porriño estrea Sala de Estudo

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e o concelleiro de Cultura, Bienvenido Estévez, inauguraron este 28 de outubro a súa nova Sala de Estudo, dotada con 80 postos que ofrecen as condicións necesarias para facilitar a concentración dos usuarios e usuarias.

A nova sala de estudo está ubicada nun local de 207 metros cadrados na rúa Antonio Palacios, ao carón do Concello,

que requeriu unha inversión de 140.000 euros para acondicionalo. Conta con 80 postos de estudo, conexión wifi e cun sistema de acceso libre e gratuito, controlado mediante tarxeta con porta automatizada. Para facer uso da mesma só é necesario rexistrarse na Biblioteca Municipal. Estará aberta ao público todos os días da semana, en horario de mañá e tarde, con reforzo en época de exames tal e como reclamaba a veciñanza.

A ruta de petiscos e tapas "D-Gusta Porriño" regresa con 37 propostas



Organizada pola Asociación de Hostaleiros do Porriño (Ahospor) en colaboración co Concello, o evento "D-Gusta Porriño" suma nesta segunda edición 37 locais participantes, que ofrecerán as súas creacións culinarias ao prezo simbólico de 1 euro os venres e sábados do mes de novembro de 19 a 23 h.

As persoas que pidan a súa tapa poderán participar no sorteo dun bono de 500 uros e dez de 50 euros para gastar nos bares, restaurantes e comercios do Porriño. Para iso, como cada ano, deberán completar os catro selos que poden obter consumindo os petiscos dos establecementos incluídos na ruta.

Manolo

RESTAURANTE

CENA FIN DE AÑO 2023

MENÚ

Langosta cocida
Centolla - Buey - Camarones
Langostinos al vapor
Vieiras a la marinera con jamón ibérico

Sorbete de limón al cava

Termera gallega y cordero lechal al homo con guarnición

Tarta "Espíritu Navideño"
Helado con cookies de chocolate

BEBIDAS
Alvarinho Bouza do Rei
Alma Atlántica espumoso rosado
Ramón Bilbao Crianza
Ribera del Duero Montecastrillo Cava

Barra libre
La mejor animación con:
"Jano Méndez" & "Disco Events Music"
Cotillón y Uvas de la suerte
Chocolate con churros de madrugada

Precio con IVA: 130 euros
Comienzo de la cena a las 21:00 h
Teléfono de reservas:
986 333 404 - 986 344 141
666 595 983

Dos ambientes:
Salón familiar
Salón sólo adultos
Mesas individuales
Parking privado

PLAZAS LIMITADAS!

ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Adolfo Telmo e Óscar Lomba | Sindicato de Inquilinas de Vigo-Tui BM (Baixo Miño)

"A vivenda converteuse practicamente nun ben de luxo e non nun dereito humano"

Creado en setembro pasado cunha traxectoria anterior na Plataforma de Afectadas polas Hipotecas (PAH), o Sindicato de Inquilinas de Vigo-Tui BM (Baixo Miño) ven reali-

zando unha labor en pro da defensa dos dereitos das persoas en réxime de arrendamento. Falamos cos seus representantes Adolfo Telmo e Óscar Lomba.

Sindicato de Inquilinas de Vigo-Tui BM (Baixo Miño) Cales son as súas funcións?

Óscar Lomba (OL) En liñas xerais o Sindicato nace co obxectivo de defender os intereses das persoas que viven en situación de arrendamento, cunhas demandas moi claras e semellantes ás que defenden outras organizacións similares: estabilidade no alugueiro, regulación dos prezos dos alugueiros, fin dos desafiuzamentos, mobilización das vivendas baleiras, aumento do parque público de vivendas en réxime de alugueiro, eliminación do réxime especial tributario das Sociedades Anónimas Cotizadas de Inversión Inmobiliario que tributan ao 0% no Imposto de Sociedades, que os gastos derivados dos alugueiros sexan asumidos polos arrendadores e terminar co abuso dos intermediarios, a erradicación da pobreza enerxética, a limitación das vivendas de uso turístico, a loita polo dereito á vivenda. E especialmente que a banca asuma a subida do Euríbor para acabar coa estafa hipotecaria.

Adolfo Telmo (AT) Salientar que nós vimos da Plataforma de Afectadas polas Hipotecas (PAH) En 2019 organizamos en Vigo en colaboración co Sindicat de Llo-

"Galicia é unha das Comunidades con menos tenedores de vivenda"

gaters y Llogateres de Barcelona unha campaña a nivel estatal que se chamaba "Picar a Burbulla do Alugueiro". Xa temos unha traxectoria que quedou truncado pola COVID e polo posterior falecemento da presidenta e fundadora da PAH, Carlota Pérez.

Polo visto tedes relación con entidades similares a nivel estatal. Hai posibilidades de crear unha Rede?

(AT) Xa existe. Estamos incluídos no Sindicato de Inquilinos de todo o Estado. Os máis fortes son Barcelona e Madrid pero hai en Granada, Navarra, Zaragoza, aquí en Vigo. De momento estamos tutelados polo Sindicato de Inquilinos de Madrid principalmente por cuestións de apoio legal, da elaboración dos estatutos, o web, os logotipos.

Tedes xestionado denuncias, actuado en situacións de desafiuzamentos?

(OL) Non. Coa PAH si. Eu creo que o parón prodúcese por dous factores fundamentais: cando fa-

lece Carlota Pérez e o tema da COVID. Esos factores foron unha limitación insalvable naquel momento.

Tedes un número aproximado das persoas que forman parte do Sindicato?

(AT) No grupo somos unhas 24 persoas, pero cada persoa move a outras máis.

Alza dos alquileres, das hipotecas, desafiuzamentos, os okupas. É isto un problema estrutural ou é consecuencia da crise do modelo liberalizador no sector inmobiliario?

(AT) Das dúas cousas. A liberación do mercado da vivenda supuxo un retroceso especialmente coa desaparición das vivendas de protección oficial, das que había un parque de aproximadamente seis millóns de vivendas que se puxeron en venda. Pero é tamén un problema estrutural. O Estado deixa ao mercado que faga todo tipo de vivenda. Non regula e practicamente renuncia a facer vivenda pública. Deixar que o mercado regule está claro que non funciona.

(OL) Se ben ámbolos dous factores teñen que ver considero que é máis ben estrutural. Existen mecanismos legais que se podan artellar e que despois executen as Administracións Públicas. Hai unha morea de normas legais dende a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que trata o tema da vivenda no artigo 25.1, o artigo 11.1 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos e Sociais da ONU, a Carta Europea revisada no artigo 31, a Carta de Dereitos Fundamentais da ONU no artigo 33, a Constitución española no artigo 47 que protexe o dereito á vivenda. Pero vemos que non é así. Porque a vivenda é un ben de consumo e de investimento, case



"España é un dos países que recibiu máis condeas por parte da ONU por vulnerar o dereito á vivenda"

un ben de luxo por dicilo dalgún xeito, e non un dereito humano. Entre 2008 e 2015 houbo case 6.579 desafiuzamentos segundo o poder xudicial. España é un dos países que recibiu máis condeas por parte da ONU por vulnerar o dereito á vivenda incluso contando con ferramentas como a nova Lei de Vivenda que permite aumentar a oferta pública de vivendas. Na UE a cifra de parque público de vivendas supera o 15%: en España é do 1,6%. A nova Lei de Vivenda establece incentivos fiscais que reducen o prezo do aluguer e prevé unha recarga de postos de bens inmoables ás vivendas desocupadas. Hai ferramentas legais para garantir o dereito á vivenda pero todo depende da vontade e dos recursos das Administracións Públicas.

Cren que estes problemas irán a máis?

(AT) Si. Estamos sumidos nunha crise que non se lle ve saída e que está empeorando. As perspectivas non son boas para as clases medias. O prezo non para de subir e non hai oferta de vivenda para contrarrestar iso.

Falabades das Administracións Públicas. Tiveches contacto con eles?

(OL) Non. Tivemos recentemente unha xuntanza con colectivos interesados no tema da vivenda na sede de Amnistía Internacional. Creo que o papel clave é o que poidan xogar as Administracións Públicas porque son o elemento motor que poden

ofertar unhas solucións. Pero iso sería a mediano e longo prazo. A curto prazo hai que buscar unha saída habitacional para as persoas que estean en situación de emerxencia. O 30 de outubro teremos unha xuntanza telemática con todos os Sindicatos a nivel estatal.

(AT) Como Sindicato estamos en fase de crecemento, de darnos a coñecer, de formalizar estatutos, cotas, ampliar os membros e ir a unha segunda fase onde comezaremos coas propostas, recoller casos. A fase actual é de crecemento e consolidación. En canto á receptividade temos unha acollida interesante por parte dos medios de comunicación e tamén unha sensibilidade social sobre este problema da vivenda e dos prezos de aluguer que está cada vez máis falándose na rúa

En qué lugar está Galicia co respecto ao problema da vivenda?

(AT) Está nunha situación media. Galicia é unha das Comunidades con menos tenedores de vivenda, definindo os grandes tenedores por riba dos 50. O caseiro medio en Galicia ten menos vivendas en comparación con outros a nivel estatal. O que non o fai mellor.

(OL) Iso non quere dicir que non estean penetrando os "fondos voires". Tampouco hai esta mobilización que tería que haber do denominado como "banco malo" (SAREB, Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria).



SALCEDA DE CASELAS

531.000 € para obradoiro de emprego

O Concello de Salceda de Caselas vén de recibir a comunicación da concesión de 531.046,20 euros para un obradoiro de emprego por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Neste caso a acción acollerá a 20 persoas, 10 no campo da albanelería e outras 10 no da carpintería de madeira, que durante un ano se encargarán das obras de reforma de diferentes edificios municipais.

Os obxectivos deste obradoiro son os de recuperar o antigo colexio da parroquia de Budiño, destinándoo a usos sociais, e seguir traballando na recuperación



de diversos edificios educativos. O alumnado combinará as horas de formación teóricas coas de traballos prácticos, percibindo as

retribucións correspondentes. O obradoiro supón unha excelente oportunidade de formación para o emprego da veciñanza.

Amplíase a rede de saneamento á parroquia da Picoña

A pasada semana deron comezo as obras do proxecto de saneamento dos barrios da Ataúde e A Arrotea, na parroquia da Picoña, que lle vai permitir a 15 casas contar con este servizo esencial. Os últimos detalles revisáronse a pé de obra coa alcaldesa de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira, a empresa constructora, a empresa redactora do proxecto, e o xerente do Consorcio do Louro.

Prevese a construción dun colector de 491 metros de lonxitude conectado á rede existente actualmente na zona, e que se realizará na súa totalidade a través de terreos de titularidade pública.

O proxecto, que conta cun orzamento de 110.898,73 €, foi adxudicada polo Consorcio do Louro a Construcciones Castro, ten un prazo de execución de 3 meses e será executada cos fondos do Consorcio de Augas do Louro



dentro do libro de ruta para a construción de novos tramos de saneamento nos catro Concellos (Salceda, Mos, Porriño e Tui).

O proxecto supón un novo paso na consecución do saneamento integral de Salceda, lembrando dende o equipo de goberno que unha das súas prioridades para esta lexislatura será precisamente avanzar cara ao desexado saneamento integral, buscando para

elo a colaboración das diferentes administracións, pois resulta materialmente imposible executar estas obras con fondos propios do Concello.

O equipo de goberno segue deste xeito a dar pasos no cumprimento do pacto de investidura asinado con PSOE e BNG, no que se recolle tamén a importancia de seguir a ampliar a rede de saneamento do Concello.

Solucións contra a plaga de moscas



O Concello de Salceda realizou unha xuntanza telemática con Salvaterra, Tomiño e a asesora xurídica da FEGAMP para abordar a busca de solucións conxuntas ante a problemática da plaga de moscas que este verán afectou a estes tres Concellos.

Humanización do Parque da Gándara



O Concello de Salceda, ao abeiro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, vén de adquirir catro bancos por valor de 1.742,40€ para situar na contorna do Parque da Gándara, que coa nova humanización realizada gañou amplitude e espazo para as persoas.

Novembro de pinchos

O Concello de Salceda de Caselas convocou á terceira edición do Concurso de Pinchos do que participarán varios establecementos hostaleiros da vila. A degustación dos mesmos será os venres e sábados, 3, 4, 10 e 11 de novembro, en cada uno dos locais, a partir das 20.00 horas, a un prezo fixo de 2,50 euros.

FIORITO'S
Repostería Creativa

Mónica Fiorito - 699 67 41 03. Avda de Galicia, 19, baixo
hola@fiorito.es - www.fiorito.es SALCEDA DE CASELAS

La Campechana
CARNICERÍA

Servicio domicilio Pedidos WhatsApp

986 347 168 627 310 629
Avda. Galicia Nº17 - 36.470 Salceda de Caselas

Pefuquería mixta

Rafael Tilve Adrio, 7
Salceda de Caselas
Tlf.: 986 349 290

Madrid coñecerá a importancia arquitectónica do Balneario de Mondariz

De setembro do 2023 a xaneiro do 2024, unha exposición sobre Antonio Palacios dará a coñecer en Madrid a importancia arquitectónica do Balneario de Mondariz.

Un proxecto que coincide co 150 aniversario do Balneario de Mondariz e os 150 anos do nacemento do arquitecto galego en 2024, con actos organizados polo Colexio de Arquitectos de Madrid e a Fundación Arquitectura COAM coa colaboración do Concello de Madrid. Todos eles acordaron organizar conxuntamente o "Año Palacios", que deu inicio en outubro de 2023 e finalizará un ano despois, tamén no outono, con diversas exposicións.

A colaboración de Antonio Palacios na construción da vila termal de Mondariz, primeiro como colaborador do Gran Hotel, obra de Genaro de la Fuente, a súa



primeira obra individual no monumento ao auga de la Fuente de Gándara, solicitado polos Peñador ao porriñés, o Gran Hotel Sanatorio, Mondariz, 1909-1915 ou o Edificio de Correos, Mondariz, 1910, actual edificio Baranda, son algunhas das obras que terán un espazo privilexiado na exposición por ser as primeiras obras

de Antonio Palacios unha vez concluídos os seus estudos.

O uso por primeira vez do granito gris puído que Palacios utilizou na Fonte de Gándara e que repetiría no Círculo de Belas Artes de Madrid e posteriores proxectos será outra de características destacadas nesta parte da mostra.

Ecocelta patenta unha area para gatos a partir do mexillón galego



Segundo afirma Sergio Quiroga, CEO de Ecocelta, esta empresa do sector biotech con sede en Ponteareas logrou dar unha saída a un dos residuos máis importantes do sector marisqueiro galego.

A empresa desenvolveu e patentou a primeira area para mascotas de Europa elaborada a partir da cuncha de mexillón, a cal se comercializa xa baixo o nome de Arenamar.

A firma, dedicada ao desenvolvemento e produción de bio-

fertilizantes e á xestión ambiental, é socia da Agrupación industrial Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga). Con anterioridade desenvolveu no mercado outro produto para partir do residuo da cuncha do mexillón: o primeiro biofertilizante do mundo con certificado ecolóxico para chans acedos, cuxo nomee é Celtacal. "Procesando toda a cuncha de mexillón residual existente en Galicia poderíase producir area para 375.000 gatos", calcula Quiroga.

Ponte...nas Ondas! presenta en Madrid o seu modelo de boas prácticas co patrimonio

Unha delegación de profesores/as, alumnos/as, artistas e portadores do patrimonio cultural inmaterial desprazouse a Madrid, convidados polo Museo Nacional de Antropología para mostrar o modelo desenvolvido por Ponte...nas ondas! (PNO!) que foi inscrito no rexistro das boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO no pasado mes de decembro en Rabat.

O acto desenvolveuse no espazo central do museo o sábado 28 de outubro.

O programa mostrou ao público a fórmula de Ponte...nas Ondas!: educación+comunicación+patrimonio+tics e nel participou alumnado e profesorado actual xunto con ex-alumnos que pasaron pola experiencia de PNO! anteriormente.

Alumnas do IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas foron as encargadas de conducir o "radio-visual" como locutoras e entrevistadoras. Do CEIP A Ramallosa de Teo participou un grupo de música tradicional de 7 compoñentes (gaita, violín, bombo, tambor e cavaquiños) que interpretaron temas do repertorio tra-



dicional galego-portugués.

A artista e ilustradora Lara Lars realizou un cartel para o acto e foi entrevistada polas alumnas de Salceda de Caselas, o seu concello. Falou da experiencia coa radio escolar no seu centro que participaba en PNO! e das súas actuais colaboracións en Radio Nacional de España.

O músico Pancho Álvarez, virtuoso das cordas, investigador e portador do patrimonio cultural inmaterial galego-portugués, levou ao museo a colección de instrumentos do seu proxecto "Cordas históricas" e interpretou temas de la tradición musical galego-portuguesa. Pancho Álvarez destacou a importancia do patrimonio inmaterial como fonte de inspiración artística e a necesidade de

transmitilo ás novas xeracións. Falou da figura de Florencio, o cego de Os Vilares, un músico tradicional do que ten recuperado o seu repertorio e do que xa editou un disco e actualmente está a presentar un documental sobre él.

O realizador Roi Grandío, tamén participante en Ponte...nas ondas" como alumno, foi o encargado da gravación de vídeo e da edición da peza audiovisual. Rubén Figueroa, do IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas, encargouse da emisión por streaming a través da web de Ponte...nas ondas!

Tamén foi entrevistado polas locutoras o director do museo, Fernando Saez Lara, quen falou da traxectoria da institución, o primeiro museo antropolóxico creado en España, en 1875.

NRede, unha iniciativa contra a desinformación



Continúa aberta a admisión no rexistro NRede, posto en marcha en febreiro polo Colexio de Xornalistas para garantir o traballo xornalístico das cabeceiras dixitais e facilitar a súa identificación, recoñecemento e acceso a acreditacións e axudas públicas. A inscrición, á que xa se sumaron quince medios dixitais galegos, é gratuíta para colexiados e colexiadas.

Coa última inclusión do dixital local Xornal da Coruña, que se

suma así a La Alacena Roja, Galicia Confidencial, Galiciapress, GCDiario, GCiencia, Lugo Xornal, Mundiario, Pontevedra Viva, Praza Pública, Tempos Dixital, Xornal da Mariña, Xornal de Bueu, Xornal de Lemos e Xornal de Vigo, xa son quince as cabeceiras que contan co selo que as acredita como inscritas en NRede. Entre todas elas debuxan un variado panorama do ecosistema mediático galego, tanto a nivel temático como xeográfico.